

# Programa de Biblioteca Escolar

## Linguas nas ondas

Biblioteca da Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa

Vilagarcía de Arousa 01.07.2020



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



## Contidos

1	Xustificación.....	1
2	Análise de necesidades Espazo de lectura.....	1
3	Obxectivos.....	3
4	Organización e funcionamento.....	4
4.1	O equipo.....	4
4.2	Medios técnicos.....	6
4.2.1	Medios para uso e xestión do profesorado.....	6
4.2.2	Medios para uso autónomo do alumnado.....	6
4.3	Empréstitos e devolucións.....	8
5	Formación.....	9
5.1	Formación para o uso, tratamento e produción de información.....	9
5.2	Formación de usuarios.....	10
5.3	Programas de formación para a competencia informacional e mediática.....	11
6	Actividades e proxectos.....	12
6.1	Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.....	12
6.2	Actividades para o fomento da lectura, comprensión lectora, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información.....	13
6.3	Apoio para a compensación das desigualdades sociais e atención á diversidade.....	15
7	Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.....	16
8	Colaboracións.....	16
I	Anexo	

# 1 Xustificación

O proxecto anual 2020-2021 da Biblioteca da EOI de Vilagarcía da continuidade ás liñas iniciadas anteriormente, integrando a toda a comunidade educativa nunha transformación metodolóxica que incorpora o traballo autónomo e colaborativo do alumnado, a expansión da escola máis aló dos seus muros e a inclusión de todos os colectivos da contorna en procesos participativos arredor deste servizo. Titúlase “**Linguas nas ondas**” porque quere que as palabras naveguen pola contorna nas seis linguas meta da EOI:

**Que naveguen a través das ondas da radio** que queremos establecer de xeito máis formal e rigoroso e na que o alumnado emitirá as súas propias producións elaboradas de xeito colaborativo e autónomo nos espazos dispoñibles para esta fin.

**Que naveguen nas ondas do mar** que define e delimita o comportamento sociocultural da contorna, facendo que os oficios, as afeccións, o medio natural e a idiosincrasia da Ría de Arousa vertebre moitos dos traballos de produción literaria que se elaborarán nos proxectos e actividades de fomento da lectura.

**Que se expandan coma ondas concéntricas** cando unha pedra bate na superficie da auga e cheguen moi lonxe, contaxiando a todas as organizacións e institucións que queiran comezar a colaborar ou continuar colaboración coa Biblioteca da EOI.

**Que xeren ondas e movementos que atraian lectoras e lectores** aos nosos espazos, dinamizándoos e convertendoos en lugares de aprendizaxe e lecer.

A beleza polisémica da palabra “onda” transfírese a todas as linguas meta e facilita a transferencia tamén a centros educativos doutros países cos que colaboraremos, entre outros, a través da onda eTwinning.

## 2 Análise de necesidades

### Espazo de lectura

Unha revisión xeral do estado da Biblioteca amosa déficits que é urxente paliar para poder avanzar cara un espazo aberto, colaborativo, interactivo e multimedia.

- É fundamental aumentar o número de andeis, nestes momentos moi insuficientes, e nos que os libros se amorean nalgúns casos en dúas e tres filas (ver anexos).
- No espazo de lectura é preciso substituír os andeis existentes por andeis abertos que permitan unha consulta espontánea sen uso de chaves e apertura de portas (id.)
- Tamén é preciso contar con máis expositores (agora mesmo só temos un) no que colocar as novidades e recomendacións literarias do alumnado.
- Por outra banda e en relación aos fondos, parece relevante ampliar con material de divulgación cultural, saúde, viaxes, etc. con representación moi cativa na escola.

### **Lectura informal e hemerotecas**

- Coa intención de aproveitar as posibilidades de lectura informal, como vía de achegamento do alumnado á escola, pretendemos aumentar os fondos de recursos periódicos para alimentar a hemeroteca analóxica.
- Preténdese adquirir libro electrónico que permita subscricións dixitais a recursos periódicos, facilitando así a inclusión de alumnado maior con dificultades de lectura por problemas de visión. As hemerotecas navegarán dende o espazo de lectura á cafetería, onde agora len xornais en lingua nai, no futuro tamén en lingua meta.
- Estableceranse tamén espazos de lectura informal polo no primeiro andar da EOI, e a ser posible tamén no segundo.
- Habilitarase un espazo no xardín na escola para lecturas no exterior e para a integración de xogos tradicionais dos países de referencia das diferentes linguas meta.
- Será preciso mercar un estante hexagonal para bookcrossing ou intercambio de libros multilingüe que estará colocado na entrada da EOI.

### **Sala de falar**

A recentemente establecida sala de falar, deficitariamente insonorizada, precisa da elementos acústicos no teito que reduzan o eco dun espazo no que a comunicación

verbal é frecuente. Esta problemática foise resolvendo noutros espazos da EOI, pero aínda está pendente nesta sala por falta de fondos e de uso ate o momento.

Tamén son precisos dispositivos de soporte multimedia, encerados brancos para traballo colaborativo e encerados electrónicos que se irán incorporando paulatinamente.

### **Sala de radio**

Para avanzar co servizo de radio pretendemos adquirir un pequeno equipamento que colocaremos nunha das salas pequenas contiguas á sala de falar. Nela teremos micros, mesa de mesturas, cableado, auriculares e pequena emisora de FM. Procuraremos a colaboración con outros centros educativos da contorna que xa implementaran experiencias similares para a autoformación e o intercambio de experiencias.

### **Medios para a inclusión**

Procuraremos incorporar un anotador braille ao equipamento do servizo que poida ser utilizado en calquera dos equipos das dúas salas. Tamén é obxectivo facilitar a todo o alumnado a lectura da sinalización dos espazos dependentes do servizo de biblioteca e recursos coa axuda de pictogramas e códigos QR. Por outra banda consideramos que a incorporación de libros dixitais suporá unha medida inclusiva importante para o alumnado máis maior con dificultades de visión, e para o alumnado en xeral por contar con dicionarios incorporados en todas as linguas.

## **3 Obxectivos**

Os obxectivos principais despréndense da detección de necesidades presentada en conxunción co obxectivo xeral principal que é expansión da biblioteca. Preténdese que as ondas cheguen máis aló dos seus muros, do espazo tradicional de lectura e silencio, dos recursos tradicionais analóxicos, da narrativa tradicional en papel, da implicación individual e autónoma dos axentes do proceso de lectura e creación e do propio colectivo

de alumnado da EOI. Para acadar este obxectivo xeral formulamos os seguintes obxectivos específicos:

1. **Ondas no ar: continuación e ampliación de propostas de narrativa transmedia** a través da ampliación da radio dixital a un espazo de radio analóxica, de proxectos colaborativos internacionais a través de eTwinning e da creación dun blog da Biblioteca que terá tamén un espazo específico para produción libre do alumnado.
2. **Ondas dixitais: dixitalización dos servizos** a través da creación dunha hemeroteca dixital móbil, da adquisición de libros dixitais para empréstito, da publicación dixital das recomendacións literarias, producións libres ou dirixidas do alumnado e de produtos de colaboracións con outras entidades e institucións.
3. **Ondas do mar de Arousa: Ampliación das colaboracións existentes na contorna** tanto con outras bibliotecas públicas a través dun programa compartido de empréstitos, coma con asociacións pola inclusión (ata o de agora BATA apoio ao Autismo, Lar ProSaúde Mental, Cociña económica de Cáritas), espazos culturais (Cine Curtas, Cineclube Ádega), escolas e institutos da contorna etc.
4. **Ondas lectoras - flexibilización do acceso á lectura, aos fondos e dos empréstitos:** apertura dos andeis (modificación da altura, retirada de portas e fechos, ubicación), introdución do autoempréstito, empréstito de aula cos carros de lectura, continuación das lecturas viaxeiras, hemeroteca na cafetería, punto de intercambio de libros, dous puntos de lectura informal nos dous andares da escola.

## 4 Organización e funcionamento

### 4.1 O equipo

O servizo de biblioteca escolar artéllase arredor dun equipo composto pola persoa responsable do servizo, a responsable dos clubs de lectura, o profesorado con gardas

de biblioteca (arredor de 18 persoas constantes) e as persoas voluntarias de entre o alumnado (neste último curso foron 6 persoas máis).

**As funcións da persoa responsable do servizo son** programar e garantir o desenvolvemento da programación da biblioteca, incluíndo a xestión e coordinación de pedidos, funcionamento interno do servizo, organización de actividades de fomento da lectura e organización de xornadas de formación específica en diferentes aspectos para todos os membros da comunidade educativa, solicitude en programas diversos relacionados co servizo (Bibliotecas Solidarias, Plambe) e asistencia ás formacións específicas convocadas pola CEUFP. Agás diso, ten representación na CCP.

**As funcións da persoa responsable dos clubs de lectura** é a coordinación e publicitación dos mesmos en cooperación cos departamentos didácticos, a xestión dos pedidos bibliográficos precisos e a coordinación coa responsable da biblioteca.

**As funcións dos membros do claustro** con horario de biblioteca serán: catalogar fondos en Meiga, realizar empréstitos e devolucións, altas / renovacións de persoas usuarias, participar na organización e execución das actividades da biblioteca, achegar ideas de actividades e propostas de mellora do servizo, producir recomendacións literarias co seu alumnado, fomentar o uso da radio e incorporala como ferramenta para tarefas integradas e traballo por proxectos á súa práctica docente.

**As funcións do alumnado participante no programa de voluntariado** serán, alén das recollidas na convocatoria e definidas pola CEUFP, dinamizar e participar nas recomendacións literarias, así coma na radio e no blog da biblioteca, colaborar noutras actividades culturais da biblioteca de celebración puntual e participar activamente na xestión da biblioteca a través de gardas no servizo de empréstitos, devolucións e altas / renovacións de persoas usuarias.

## 4.2 Medios técnicos

### 4.2.1 Medios para uso e xestión do profesorado

A ferramenta de catalogación usada no servizo dende hai anos é o **programa Meiga** da Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia. A catalogación funciona correctamente dende hai anos cunha CDU adaptada ás necesidades das Escolas Oficiais de Idiomas, se ben agora faise precisa unha revisión para expurgar materias mal creadas ou fondos mal catalogados. Esta tarefa comezouse o curso pasado e rematará neste curso coa reestruturación total dos espazos de biblioteca. Como norma xeral non se permitirá a creación de novas materias por parte do profesorado sen autorización do equipo.

Dende o punto de vista técnico da xestión dos recursos e espazos o ano pasado substituíuse o **sistema de comunicación de incidencias** antes a través dun caderno físico ou un documento word no escritorio do computador da sala da biblioteca por un formulario dinámico online. Este formulario está dispoñible na rede e accesible dende calquera equipo e/ou espazo onde poida producirse a incidencia, facilitando a súa xestión e resolución por parte da persoa responsable do mellor xeito e no menor tempo posible.

### 4.2.2 Medios para uso autónomo do alumnado

Os medios que se describen a seguir son xestionados e postos a dispor por parte das persoas responsables da biblioteca, pero o seu uso é fundamentalmente autónomo e autoxestionado por parte do alumnado, ou dirixido e orientado polo profesorado.

Na sala de lectura da biblioteca hai **tres equipos portátiles** para a consulta do catálogo e busca de información. Os tres equipos teñen auriculares para o traballo autónomo e serán completados por un lector braille por USB para dar asistencia a alumnado con NEE.

O servizo de biblioteca e recursos conta tamén con **dous carros de sete tabletas Android** cada un para o traballo na aula. Con elas desenvólvense os proxectos colaborativos ou individuais de investigación e produción escrita e / ou oral que



posteriormente son publicados na radio da biblioteca. Estas tarefas tamén se desenvolven nas dúas **aulas de informática** que contan cun total de 36 postos informáticos, se ben estes espazos, concibidos hai xa anos, non favorecen o traballo colaborativo e a posta en común, senón que están pensados para a recepción / produción individual pola disposición frontal de todos eles.

É obxectivo deste curso académico ampliar o número de tabletas para dotar de dispositivos a **hemeroteca electrónica** que navegará dende a sala de lectura á cafetería, e na que haberá subscricións a publicacións periódicas en todas as linguas.

Tamén se pretende ampliar os recursos con algúns **libros electrónicos** que faciliten a lectura a persoas con dificultades de visión, e a alumnado con necesidades de reforzo.

Por outra banda tamén será preciso adquirir nun futuro próximo **encerados electrónicos** (de tinta dixital) para o traballo colaborativo na sala de proxectos da biblioteca. Estas ferramentas estarán localizadas neste espazo e serán de uso autónomo para o alumnado. Será preciso tamén dotar a sala de un ou dous equipos portátiles ou tabletas con auriculares para as súas investigacións e producións orais e escritas.

Preséntase tamén a **radio da biblioteca** como medio técnico. Ao longo do curso 2019/2020 a radio executouse cos medios técnicos e espazos dispoñibles na escola. As gravacións fixéronse con dispositivos móbiles do centro nunha aula e a publicación tivo lugar a través do servizo online iVoox nesta canle: [https://www.ivoox.com/biblioteca-eoi-vilagarc%C3%Ada\\_sb.html?sb=biblioteca+eoi+vilagarc%C3%Ada](https://www.ivoox.com/biblioteca-eoi-vilagarc%C3%Ada_sb.html?sb=biblioteca+eoi+vilagarc%C3%Ada). Coa fin de mellorar a calidade das publicacións, integrar alumnado con menos destrezas tecnolóxicas (polo xeral de maior idade) e diversificar a difusión dos contidos, preténdese ampliar este recurso creando un pequeno estudo de radio no que se fagan gravacións e poida emitirse tanto en dixital coma en analóxico. Alén dos contos, discursos, publicidade, relatos de

viaxes etc. que se publicaron como tarefas dos departamentos neste último curso, preténdese tamén difundir as recomendacións literarias, entrevistas a colectivos da contorna, entrevistas a persoeiros visitantes e mesmo producións autoxestionadas polo alumnado. Consideramos que este recurso é un grande aliado ante posibles situacións excepcionais de pandemia e confinamento, coma a que vimos de vivir, achegando a escola ao noso alumnado aló onde se atope.

Por último comezouse tamén un proceso de elaboración de **videotitoriais para a autoaprendizaxe** de uso de todos os espazos / recursos / dispositivos dispoñibles no servizo de biblioteca e recursos, que deberán ser vinculados a **códigos QR** visibles a carón de cada recurso en cuestión, para a súa consulta ad hoc e autoxestionada en caso de dúbida no uso e funcionamento do mesmo.

### **4.3 Empréstitos e devolucións**

Os **empréstitos e as devolucións** dos fondos realízanse en primeira instancia polo profesorado de garda e persoal voluntario de xeito **presencial** no horario da biblioteca. Este persoal está tamén encargado de baleirar o caixa de devolucións diariamente para devolver os recursos devoltos no caixa aos andeis no menor tempo posible.

O curso pasado comezouse outra vía de empréstito e devolución na aula coa introdución dos **carros de lecturas para as recomendacións literarias**. A persoa docente fai unha preselección de obra que sube no carro á súa aula. O alumnado escolle a obra que lle interesa e cubre unha ficha / formulario que facilita o rexistro do empréstito posteriormente en Meiga. De cada unha desas obras o alumnado producirá un texto escrito para a recomendación literaria do expositor da biblioteca, e a partires deste curso tamén unha oral para a súa difusión na radio. Sería moi interesante contar cunha versión multiposto de Meiga que nos permitise facer o empréstito directamente dende a aula, facilitando así a xestión destes recursos.

Por último o equipo da biblioteca avanza cara o **autoempréstito**. As experiencias das lecturas viaxeiras amosan que a perda de recursos pola implementación dunha modalidade “flexible” non é relevante, e os beneficios que reporta, tanto a alumnado como a persoal da biblioteca, son moi grandes. Coa apertura dos andeis será posible executar neste curso a pilotaxe inicial da modalidade de autoempréstito, cuxo éxito avaliaremos ao final de curso.

## 5 Formación

Coa finalidade de poder levar a cabo este proxecto correctamente será preciso dar e recibir formación en diferentes eidos, que se refiren a seguir.

### 5.1 Formación para o uso, tratamento e produción de información

Darase formación no **uso seguro e responsable da rede** para a busca e curación efectiva de contidos dende as propias aulas, acompañando ao alumnado neste proceso e facilitando recursos interactivos e online de consulta e autoformación.

Recoméndase tamén ao profesorado a participación en ofertas formativas destas características para garantir a transferencia ao alumnado.

Dende a coordinación do servizo de biblioteca impartirase formación aberta para todo o claustro en **ferramentas da nube para a creación, almacenamento e publicación** de producións literarias. Nesta formación faremos fincapé nas ferramentas da biblioteca xa en funcionamento como son a canle de iVoox, o blog da biblioteca e a súa relación cos dispositivos móbiles dispoñibles no centro. De igual xeito procurarase unha oferta formativa interna, da man de profesorado da EOI experto neste eido, en estratexias e **aplicacións na rede para o traballo colaborativo** en destrezas orais e escritas.

Tamén en oferta interna dende a propia coordinación da biblioteca darase

formación a alumnado (e profesorado que o desexa) en tecnoloxías que permitan por unha banda a **flexibilización do acceso aos fondos documentais** (buscas na rede, consultas de fondos electrónicos na hemeroteca dixital ou nos libros electrónicos) e actividades relacionadas con eles (café biblioteca, clubs de lectura etc.)

Para poñer en funcionamento a segunda fase da radio da biblioteca procuraranse ofertas formativas externas tanto para alumnado coma para profesorado en **producción de narrativa transmedia** e dende un punto de vista máis técnico no **funcionamento da emisora de radio e da mesa de mesturas**.

## 5.2 Formación de usuarios

Ao comezo do curso, e despois de cada modificación ou reequipación de espazos, o servizo de biblioteca ofertará unha **formación específica para profesorado no novo uso dos espazos** habilitados para fins diversos.

Esta formación estará formulada de xeito que permita **escalabilidade** a todos os grupos de alumnado por parte das profesionais docentes. Por unha parte será recomendable retomar a **Gymkhana bibliotecaria** do curso pasado previa adaptación aos fondos documentais dispoñibles agora e á súa nova distribución, na que tamén se aprende a manexar o motor de buscas no catálogo de Meiga. Por outra banda, este recurso deberá completarse con outras tarefas que permitan descubrir de xeito **experiencial as funcións das outras salas** dispoñibles dende o servizo de biblioteca (sala de falar e espazo de radio). Unha proposta é facelo arredor dunha **caza do tesouro** no centro. De novo poderá ser multilingüe para implementar por departamentos ou común para todo o alumnado fóra do horario lectivo.

Será imprescindible ter unha **formación básica no uso da radio dixital e da radio analóxica**. Esa formación para alumnado será impartida dende a coordinación do servizo para aquelas persoas interesadas en colaborar ao principio de curso e puntualmente para

todas aquelas que o precisen nun momento dado. Existe xa un protocolo de publicación de recursos na radio que será adaptado e completado para o seu uso polo alumnado. Por último será precisa unha **formación xeral no uso dos dispositivos electrónicos** dispoñibles no servizo de biblioteca: tabletas, ebooks, portátiles e pizarras electrónicas. Igualmente aproveitarase para formar ao alumnado nas **ferramentas institucionais de comunicación e interacción coa escola e os materiais**, que faciliten o seguimento das aprendizaxes, das lecturas, e do contacto colaborativo co grupo en calquera situación que poida acontecer. Así propóranse formacións en Moodle, Webex e CentrosNet entre outros.

### **5.3 Programas de formación para a competencia informacional e mediática**

Partindo da proposta de autoformación sobre o uso seguro e responsable da rede, ábrese unha vía formativa a desenvolver nos vindeiros cursos académicos e que podería ser artellada para o profesorado arredor do PFPP. Esta liña formativa persegue os seguintes obxectivos competenciais no alumnado:

#### **Alfabetización informacional**

- Definición e formulación das necesidades de información
- Localización, acceso e avaliación crítica da información
- Organización e utilización da información

#### **Alfabetización mediática**

- Comunicación e utilización ética da información
- Comprensión do papel e das funcións dos medios de comunicación e das as condicións nas que as desempeñan
- Análise e avaliación crítica do contido dos medios de comunicación
- Utilización dos medios de comunicación no marco da participación democrática, o diálogo intercultural e a aprendizaxe

- Producción de contido como usuario

Para acadar estes obxectivos competenciais no alumnado será preciso formar previamente ao profesorado que buscará transferencia e impacto a través do traballo coa radio, e a través da análise receptiva de textos xornalísticos nos niveis que proceda.

## 6 Actividades e proxectos

### 6.1 Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros

Retomaremos neste curso académico as actividades canceladas por causa da pandemia, como fora o **obradoiro de escritura creativa e poesía en varias linguas**, acompañado do autor Xosé Luis Mosquera Camba, Premio de poesía Díaz Castro, accesit Esquíu entre outros. O autor, nunha das súas obras, xoga co collage de diferentes tradicións literarias enlazadas cos seus propios versos. Farase lectura e presentación de obra seguido dun obradoiro de escritura creativa. As producións serán difundidas no blog da biblioteca, e o autor será entrevistado por alumnas/os para a difusión da actividade na radio.

Contaremos tamén coa participación da poetisa Gail Lanstroth, con quen se prevé, xunto coa Vicedirección, organizar unhas sesións culturais preferentemente arredor do 14 de outubro, Día das Mulleres Escritoras. Nelas Gail Lanstroth promocionará a súa produción poética mediante unha serie de actuacións e talleres multilingües co alumnado, nos que trata a parte máis sonora das linguas, así como o movemento que os sons e a musicalidade das linguas lle inspiran.

Un sector do alumnado reclama dende hai algún tempo a **reactivación dun grupo de teatro** arosán que se comunique co público nas diferentes linguas meta da EOI. É evidente e innecesario resaltar a necesidade de que sexa o servizo de biblioteca quen se faga eco desta proposta e quen facilite os textos e as ferramentas de difusión para a súa realización, así coma os espazos de colaboración e creación. Se a proposta prospera, conectarase a actividade coas **linguas nas ondas**, ben a través dunha peza que trate a

temática, ben a través de sketches ou obras breves de produción propia que recreen algún aspecto do mar e dos sectores que o rodean.

Ligando coa tradición literaria en lingua alemá, xa estendida a outras linguas e tradicións, proporase a **translación das producións teatrais á radio**, avanzando así nas posibilidades do teatro radiofónico, tan popular trala II Guerra Mundial en Centroeuropa, e tan cheo de posibilidades didácticas.

## **6.2 Actividades para o fomento da lectura, comprensión lectora, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información**

Tal e se expuxo neste documento, propóñense as seguintes actividades de fomento da lectura:

- **Visitas de autores e autoras** de diferentes linguas e procedencias como é o caso de Xose Luis Mosquera Camba e Gail Lansroth (ver 6.1). Nesta liña retómase tamén a **visita de Lola Rontano** para a presentación da súa obra Austroatlántica, XXX premio Torrente Ballester de narrativa, que xira arredor das ondas do Atlántico aos dous lados deste, con posterior lectura e comentario de pasaxes.
- **Activación da hemeroteca móbil tanto dixital coma analóxica**, que sae á cafetería, lugar onde o alumnado adoita ler prensa – facilítaselle así a lectura en linguas meta da escola. Para que sexa máis simple o acceso a material periódico en lingua estranxeira, proponse a hemeroteca dixital con subscricións en tabletas.
- **Punto de book-crossing ou intercambio de lecturas**. Partirá con fondos propios / expurgados da biblioteca e facilitará que o alumnado leve textos e devolva outros que lle resultasen interesantes con absoluta flexibilidade. O punto estará situado na entrada da escola e terá espazo para materiais en todas as linguas meta da EOI.

- Continuará a proposta de **clubes de lectura** en horario extraescolar e promoverase a proposta deste tipo de actividade dende todos os departamentos e para diferentes niveis de competencia lingüística.
- Propóñense dous **puntos de lectura informal** nos dous andares superiores da escola, nos que o alumnado poida “entreterse” con lecturas en linguas meta ou vernáculas mentres agarda para entrar na aula, ou tranquilamente despois de saír.
- Avanzaremos cara as **lecturas electrónicas** coa compra de algúns libros electrónicos. Esta posibilidade facilita a lectura por contar con dicionarios incorporados e permitir modificar o tamaño da fonte, o contraste de luz etc. Dentro das lecturas electrónicas haberá tamén un apartado accesible nos dispositivos móbiles e portátiles das salas con lecturas na rede, na nube da escola etc.
- Continuaremos coa proposta das **lecturas viaxeiras**, que cada verán permiten ao alumnado sacar varias obras durante as vacacións de xeito flexible e prolongado. Propoñemos permitir tamén o empréstimo dos libros electrónicos para o verán.
- Farase de novo unha pequena **feira solidaria** de literatura en colaboración con calquera das asociacións coas que traballamos na escola e sempre ligada á lectura dalgunha/s obras, recomendacións literarias etc.
- Co gallo da celebración das diferentes efemérides a biblioteca fará propostas de **narrativa transmedia** aos departamentos, que versarán nunha ocasión sobre unha **investigación de tipo xornalístico** (avanzando na formación mediática e informacional), e recreará noutra a **historia dunha personaxe de ficción** (vencellado ao mundo do mar) proposta pola biblioteca sendo esta producida de xeito colaborativo polo alumnado e trasladada dende o papel da aula, ao blog da biblioteca, á radio e/ou mesmo ao teatro. Estas dúas propostas son susceptibles de



romper tamén as fronteiras políticas do país e chegar a desenvolverse en colaboración con outros centros educativos a través dun proxecto eTwinning. Tal e como viña facéndose en anos anteriores, o servizo de biblioteca dará apoio e integrarase en actividades propias de todos os departamentos e en todas as linguas de ensino, sempre que así o requira ou permita o departamento en cuestión. Igualmente dará apoio e integración en actividades propias do servizo de EDL e en actividades propias da EOI (organizadas dende a Vicedirección). Dado que as programacións didácticas e a programación anual non están deseñadas neste momento, non é posible referir o detalle desta colaboración entre a biblioteca e outros servizos do centro.

### **6.3 Apoio para a compensación das desigualdades sociais e atención á diversidade**

Dende a biblioteca e tras ter vivido a experiencia insólita da pandemia do COVID propónse o empréstimo de dispositivos, en caso de ser preciso de novo, para períodos nos que a EOI non sexa accesible (vacacións, pandemias) ou en situacións privadas nas que o alumnado non poida acceder (enfermidades ou períodos longos de afastamento – de xeito moi puntual). Este último caso dependerá sempre da necesidade de uso dos dispositivos no propio centro e da súa dispoñibilidade para cesión.

A biblioteca de recursos electrónicos que se propón coa adquisición dos libros electrónicos, xorde tamén como medida inclusiva, para casos nos que a mobilidade, visión, capacidades cognitivas dificulten a lectura e / ou a comprensión lectora.

A biblioteca ofertará tamén, como xa se referiu, formación específica do alumnado nas ferramentas electrónicas institucionais de interacción coa escola (Moodle, Webex, Centrosnet) para facilitar o seguimento das aprendizaxes en todo momento e situación.

## **7 Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.**

A difusión realízase a través da páxina web da EOI, e en diante, a través do blog da biblioteca e da radio dixital e analóxica. Máis alá axudarán a difundir as actividades de Gymkhana bibliotecaria ao comezo do curso (formación inicial de usuarios), e caza do tesouro xa referidas. Tamén a presentación de novidades “recén chegados” no expositor da entrada, así coma as recomendacións literarias, encargaranse da difusión por parte do alumnado dos fondos de maior interese. Estas últimas propostas publicaranse fisicamente na sala de lectura e online, na radio con linguas nas ondas, a radio dixital e blog da biblioteca.

## **8 Colaboracións**

A biblioteca fará un esforzo por integrar a toda entidade e institución da contorna aousá na súa actividade, estendendo a colaboración actual coa biblioteca municipal de Vilagarcía de Arousa, e ampliando a bibliotecas dos IES e CEIPs da comarca. Solicitarase a Meiga como mellora que os usuarios doutros centros poidan emprestar fondos nosos, permitíndonos así medrar coa onda expansiva que xenera partillar recursos.

Colaboraremos tamén cos Cineclubes Ádega e Curtas para a produción transmedia e con asociacións que traballan en prol da inclusión na contorna: LAR Pro Saúde Mental, BATA, Cociña económica, etc.

# Anexo I

Imaxes do estado actual da Biblioteca



